

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e sete de outubro de dous vinte e un, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario, don Jussto Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 1, 8, 15, 29 e extraordinaria e urxente do 27 de setembro de 2021.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada na contratación da prestación do servizo de centro de día “Novo Antonio Gandoy” de atención a persoas maiores e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021/C003/000037.

Tamén se acorda aprobar a única prórroga do contrato para o servizo de mantemento dos equipos contra incendios do Concello de Lugo. Expte ref: 2020/C003/000003B, que vai dende a data do 22-12-2021 ata 21-12-2022.

Acórdase a contratación das obras de execución das hortas ecolóxicas comunitarias que abrangue a acción C9 “Agricultura urbana de solo e altura” do proxecto Life14 CCA/ES/000489 Lugo+biodinamico “planificación dun barrio multiecolóxico como modelo de resiliencia urbana”. Exp. ref. 2021-C002-000047.

Así mesmo, acórdase a contratación da subministración de papel para fotocopiadoras e impresoras do Concello de Lugo. Expte ref. 2021-C004-000027.

Contratación dos seguros de responsabilidade civil patrimonial (lote 1) danos a bens mobles e inmobles (lote 2), e responsabilidade de altos cargos e empregados públicos do Excmo. Concello de Lugo (lote 3). Exp. ref. 2021/C003/000030. Adxudicación lote 1 e 2 e acórdase a declaración de deserto

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac2983544618100698169.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27-10-2021

lote 3.

Acórdase aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas así como do gasto na contratación de patrocinio publicitario co Club Deportivo Lugo Sad e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade. Expte ref. 2021-C005-000036.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas así como do gasto na contratación de patrocinio publicitario co Club Baloncesto Breogán Sad e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade. Expte ref. 2021-C005-000022.

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto na contratación da subministración de alumeados ornamentais en diversas rúas durante as festas de Nadal 2021 e a apertura do procedemento de contratación. (Exp. ref.2021/C004/000034).

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado 10. contratación da obra "Reurbanización do tramo final da rúa Industria" e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021-C002-000050.

Tamén se acorda a revisión de oficio do acordo nº 15/429 adoptado na Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria celebrada o día 16 de setembro de 2020 de transmisión da parcela M1-A, do Sector Sur-K dunha superficie de 1.200 metros cadrados, en virtude do Convenio Urbanístico asinado entre este Concello e dita entidade en data 27 de setembro de 2001.- Desestimación das alegacións. Solicitude do preceptivo dictame ao Consello Consultivo de Galicia.

2. PERSOAL.- Acórdase estimar o recurso de reposición fronte ao acordo 7/216 dictado pola Xunta de Goberno Local.

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ó denegarse a licenza solicitada para acondicionamento de nave existente na Estrada Vella de Santiago, 337.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ó denegarse a licenza solicitada para execución de dous invernadeiros no lugar de Vilar de Cucos-Recimil nas parcelas con referencias catastrais 27900A50000190000WI e 27900A500001890000WF.

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

4. CULTURA.- Acórdase a aprobación do convenio regulador de subvención de carácter nominativa a asociación provincial de empresarios de hostalería e turismo de Lugo - 2021, 18.000,00 euros "Proxecto nº 16 - Concurso de tapas de Lugo" .

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación do convenio regulador de subvención de carácter nominativo a: asociación grupo fotocinematográfico Fonmiñá 2021- 20.400,00 € para a celebración da XIII semana de cine lucense.

Acórdase a aprobación do convenio regulador de subvención de carácter nominativo a: Fundación feiras e exposicións de Lugo por importe de 7.000,00 € para a celebración da vixésima terceira edición de "Xuventugo 2021".

Así mesmo, acórdase a aprobación do convenio regulador de subvención de carácter nominativa a Asociación Cultural Correlingua 2021 - 3.000,00 euros.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

5. MULLER E IGUALDADE.- Acórdase aprobar os cambios das representantes no Foro de participación cidadá en materia de igualdade.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

7. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para modificacións en establo de vacún de leite e fosa de purín, en construción coa licenza urbanística expediente número 2020/Y001/000215, no lugar de Gundín, parroquia de Benade, (Expte: 2021/Y001/000194) e para rehabilitación de vivenda unifamiliar illada, sita na rúa Illa da Toxa número 24 (expte: 2021/Y001/000065);.

Acórdase a declaración de caducidade por causa de incumprimento dos prazos, da licenza urbanística 663/2011, outorgada para construír un edificio na Calzada da Ponte, números 30 e 32, modificada coa licenza urbanística número 118/2017 (2021/Y008/000005).

Tamén se acorda desestimar o recurso interposto contra a resolución adoptada na xunta de goberno local de data 31 de marzo de 2021, en relación coa licenza urbanística para ampliación da edificación de residencia da terceira idade en Pena da Mula, número 3, Piúgos (expte: 2021/Y001/000140).

Acórdase denegar a licenza urbanística para a intervención no edificio da rúa Quiroga Ballesteros nº 13 (expte: 2020/Y001/000152).

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac2983544618100698169.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27-10-2021

Tamén se acorda a declaración de caducidade da licenza urbanística 644/2014, para reforma de ampliación de corte de vacún de carne, silos forraxeiros, foxa de xurro e esterqueira en Bazar, (2021/Y008/000004).

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.